

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

PROMOCIÓN INTERNA.- Comisión seguimento OEP 2022

21/12/2023

PROMOCIÓN INTERNA. CRÓNICA DUN FRACASO ANUNCIADO

O xoves 21 de decembro celebrouse a terceira comisión de seguimento da OEP 2022 (Oferta de Emprego Público 2022). O único punto da orde do día era a “promoción interna”.

Deste acordo de OEP 2022 derivouse un novo acordo sobre os “criterios que deben rexir a selección do persoal a través dos procesos de promoción interna” asinado por polos sindicatos CCOO, UGT e CSIF o 3 de novembro do 2022 que tiña como fin actualizar e simplificar estes procesos.

Este acordo **non** foi asinado pola **CIG** porque non recollía un calendario para implementar todas esas medidas de mellora que prometía.

Por parte da admon a súa intervención veu a subliñar que estaban desbordados cos procesos de selección tanto de quenda libre como os de promoción interna das diferentes convocatorias anuais de OEP. Unha vez publicadas practicamente a totalidade das convocatorias atopámonos coa realidade de que pouco ou nada mudou nos procesos selectivos.

A corrección dos exames tipo test tarda meses en facerse (cando unha máquina pode corrixilos case o momento), a suposta axilidade de facer os dous exames do A2 o mesmo día foise o traste...E mentres tanto a falta de persoal segue aumentando e temos vacantes ocupadas por persoal interino esperando a ser cubertas por oposición.

A CIG tamén manifestou que esta xuntanza carecía de rigor xa que por parte da administración non se aportaba ningún documento de análise comparativo dos compromisos adquiridos. Que reclamabamos unha información pormenorizada, que seguimos a esperar una resposta de porqué non se aplican os compromisos adquiridos, que se desenvolva a carreira horizontal, a guía de boas prácticas, os itinerarios formativos, etc.

En resumo, unha xuntanza totalmente inútil, vacía de contido, onde foi imposible sacar ningún tipo de conclusión e que desgraciadamente confirma a inacción da administración e o inútil dos acordos asinados polos sindicatos de ámbito estatal.